

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAÚ (SOGAPS) PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO "APOIO AO PROGRAMA VACACIÓNS EN PAZ 2025"

(1) A Xunta de Galicia ten como un dos seus obxectivos prioritarios a política de cooperación ao desenvolvemento. A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, segundo o Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é o órgano superior da Administración autonómica da cooperación para o desenvolvemento.

Unha das prioridades establecidas na Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, é o ámbito da acción humanitaria de emerxencia.

O V Plan director da cooperación galega 2023-2026, aprobado polo Parlamento de Galicia o día 15 de xuño de 2023, considéranse colectivos prioritarios "A poboación migrante, refuxiada ou desprazada ou en situación de retorno ou reasentamento por razóns políticas, económicas, sociais ou medioambientais, cunha atención específica aos colectivos máis vulnerables e prioritarios deste Plan Director. Dentro deste grupo, a Cooperación Galega seguirá apoiando singularmente á poboación saharauí e á poboación palestina e aquelas outras afectadas por conflitos armados e crises esquecidas".

### (2) Antecedentes:

Dende o ano 2006, a Xunta de Galicia (tanto a través da extinta Fundación Axencia Humanitaria de Galicia como a través da D.X. de Relacións Exteriores e coa UE) vén executando proxectos e programas en países con dificultade na cobertura das necesidades básicas de saúde e alimentación da súa poboación, como é o caso do Sáhara, a través da provisión de fondos que permitan dar resposta ás situacións críticas que se están a producir.

Esta colaboración ven realizándose coa Asociación de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (no sucesivo SOGAPS) que é unha entidade sen ánimo de lucro e ten entre os



seus fins o de propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria co pobo saharauí. Ademais a SOGAPS é a única asociación galega recoñecida polo pobo saharauí para a formulación e realización de proxectos nos campamentos de refuxiados en Tindouf, e ven colaborando dende fai anos con diferentes iniciativas, entre outras, de garantía da seguridade alimentaria e apoio ao sistema sanitario de atención primaria.

(3) **Finalidade:** co fin de dar continuidade á colaboración coa Asociación de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS) para a mellora das condicións de vida da poboación saharauí, tense previsto formalizar o instrumento convencional por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

(4) O convenio ten por **obxecto** establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a SOGAPS no proxecto "Apoio ao programa Vacacións en Paz 2025" de cara a mellorar as condicións de vida dos menores participantes no dito programa a través do traslado de 113 menores saharauís procedentes dos campamentos de refuxiados de Tindouf (Alxeria) para pasar os dous meses de verán en acollida por familias galegas.

A SOGAPS conta, para a realización do proxecto, co respaldo e a colaboración das autoridades saharauís, sendo as súas contrapartes habituais no terreo diferentes Ministerios Saharauís (de saúde, de cooperación, ou de xuventude) en colaboración coa Media Luna Roja, o que asegura a correcta xestión dos recursos humanos e materiais postos á disposición do proxecto.

(5) Tendo en conta a natureza das actividades desenvolvidas pola Asociación de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, a experiencia acumulada e a implantación sobre o terreo (é a única asociación galega recoñecida polo pobo saharauí para a formulación e realización de proxectos nos campamentos de refuxiados en Tindouf), de que a canalización destas actividades convén efectualas por medio de entidades que coñezan o terreo e que dispoñan dunha infraestrutura operativa para garantir o éxito e bo fin das intervencións, cabe concluír que dada a especificidade das actividades obxecto do



proxecto, que son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral, a natureza específica da entidade destinataria da subvención, así como a súa urxente posta en marcha, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo o artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrència pública dada a especificidade das actividades que son de interese público humanitario e a natureza da entidade destinataria da subvención.

(6) A Xunta de Galicia do importe total deste proxecto que ascende a 205.453,60 €, achegará un total de douscentos mil euros (200.000,00 €), dos que 100.000,00 € serán aportados, no marco do presente convenio, pola Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes, con cargo á aplicación orzamentaria 05.07.331A.490.2. o que representa un 48,68% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio; e outros 100.000,00 €, foron achegados pola Consellería de Política Social e Igualdade, no marco dun convenio asinado entre esta consellería e a SOGAPS, o que representa o 48,68% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio. Pola súa banda a SOGAPS fará unha achega de 5.453,60 €.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Relacións Exteriores e coa U.E.

Jesús Gamallo Aller

